Cualificacións

Unha vez resoltos os cuestionarios propostos e entregados os traballos o profesor pasará a avaliar a cualificar estes últimos e, despois diso, poderemos ver as cualificacións dos alumnos. Para iso, no menú lateral escolleremos o enlace que pon Cualificacións:



Aparecerá a pantalla de cualificacións:



Vemos neste exemplo que o alumno ten 10 de 10 puntos en exames e 375 puntos de 400 posibles en traballos. En total ten 385 puntos de 410 posibles, o que fai un 93.9% da nota final máxima posible. Para que as cualificacións aparezan divididas entre traballos e exames tal e como se ven na imaxe anterior temos que crear esas categorías e asignarlle cada actividade a unha delas.
Para iso, na parte superior veremos a seguinte barra de navegación:

Escollemos a opción de Definir categorías e aparecerá o seguinte:

Definir Categorías

Elemento de cualificación	Categoría	Máxima cualificación	Curva para	Crédito extra
Esquema dun PC	Traballos	100	100	
Tipos de impresoras	Traballos	100	100	
Tipos de periféricos	Traballos	100	100	
Listado de periféricos	Traballos	100	100	
Lección de Periféricos	Traballos	0	0	
Cuestionario de software	Exames	10	10	

Gardar modificacións

Engadir categoría: Engadir categoría

Eliminar categoría: Escoller categoría Eliminar categoría

Vemos na parte de abaixo os botóns para engadir e eliminar categorías e na parte de arriba os traballos e cuestionarios propostos ós alumnos. Pois ben, o único que hai que facer é asignarlle unha categoría a cada un dos elementos, tal e como está na imaxe superior.
Por outra banda tamén vemos unha opción que pon Definir ponderacións:

Esta opción serve para o caso no que queiramos valorar de distinto xeito os exames e os traballos. Por exemplo, supoñamos que queremos que a nota final deste curso estea composta nun 70% pola nota dos exames e nun 30% pola dos traballos. Na pantalla de ponderacións faremos o seguinte:

Definir ponderacións

Categoría	Ponderar	Soltar X máis baixa	Puntos positivos	Oculto
Sen categoría	0.00	0	0	☑
Exames	70.00	0	0	
Traballos	30.00	0	0	

Gardar modificacións

A ponderación total é igual a 100

Para ver a nota ponderada nas cualificacións iremos á opción de Definir preferencias e escolleremos que queremos mostrala (temos a opción de ocultala, mostrala a todo o mundo ou soamente para os profesores):



Outras opcións que temos nesta pantalla son as de mostra os puntos, que os porcentaxes unicamente os poidan ver os profesores, mostrar as cualificacións con letra (as letras definirémolas na opción Cualificar con letra), ...
Unha vez feitos os cambios vemos como queda a pantalla de cualificacións:



Descargar en formato ODS | Descargar en formato Excel | Descargar en formato de texto

Todas as cualificacións por categoría

Estudante	Exames Estatísticas (70.00%)			Traballos Estatísticas (30.00%)			Total Estatísticas			Estudante
Ordenar por apelido Ordenar por nome	puntos(10)	Porcentaxe	contribución da ponderación de %	puntos(400)	Porcentaxe	contribución da ponderación de %	puntos(410) ↓↑	% ↓↑	Ponderación de %(100) ↓↑	Ordenar por apelido Ordenar por nome
de Proba, Alumno1	10	100%	70%	375	93.75%	28.13%	385	93.9%	98.13%	de Proba, Alumno1

Vemos que o alumno ten un 93.9% do total dos puntos, sen embargo a súa nota ponderada é do 98.13%.